

# TURONIODEPORTISTAS

Os Turoniodeportistas seguen a dar que falar. Na **XVII edición da Gran Gala do deporte de Vigo e a súa comarca**, nin máis nin menos que tres dos nosos foron galardonados. Trátase de **Desirée Vila, Anxo Iglesias e Rubén Rodríguez**. No enlace <http://www.farodevigo.es/especiales/gala-deporte-vigo-2016/>, de onde sacamos as imaxes, tendes toda a información.



DESIRÉE VILA  
XIMNASIA ACROBÁTICA



ANXO IGLESIAS  
TENIS DE MESA

## PARABÉNS !!!



RUBÉN RODRÍGUEZ  
TIRO CON ARCO


Pero ademais, na **I Gala do deporte municipal de Gondomar**, tamén foron premiados **Desirée e Anxo**, xunto con outras nominacións ou galardóns acadados por alumnado ou ex--alumnado do noso instituto: o propio **Rubén Rodríguez, Brais Misa, Elena Costas, Yeray Gómez e Andrés Torres**. Máis información en:

<http://www.farodevigo.es/comarcas/2016/04/10/brais-misa-laura-mendez- mejores/1438654.html>

# SUPERTURONIO

IES TERRA DE TURONIO. CURSO 2015-16. ABRIL 2016

## EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA



ANDADURA GALEGA

Aquí tendes a Alex con Maika, unha euga de pura raza española.

O COUREL

CANADÁ

COCIÑEMOS  
COMO GALEGOS

TEATRO CIENTÍFICO

8 DE MARZO

TURONIODEPORTISTAS

23 DE ABRIL  
DÍA DO  
LIBRO



# O COUREL – CICLO E 40 DIVER.


Os pasados 1 e 2 de Marzo o alumnado do Ciclo e máis o grupo de 4º D. fixeron unha viaxe á Serra de O Courel. Atravesamos a pé a Devesa da Rogueira e durmimos no albergue de Seara. Aquí tendes algunhas impresións...

*A viaxe polo Courel foi moito mellor do que pensaba. Comenzou un martes as oito da mañá, collemos o bus todos os compañeiros e puxemos rumbo a Lugo, A Serra do Courel. Chegamos cedo, aínda o sol non dera as súas horas fortes. Comenzamos a nosa camiñada montaña arriba, na cal podemos ver, devesas, cascadas, diversas especies de árbores, pero sobre todo moita neve, o cal facía que a nosa ruta resultase moito máis dura, pero como a compañía era grata, por fin conseguimos chegar á cima e pornos a xantar e sobre todo descascar un chisco, xa que conseguimos subir 1.600 metros de altura. Ao rematar puxemos rumbo o refuxio de montaña en Seara, mentres observamos unha lagoa conxelada e algunha cascada máis. A iso das 7 a nosa ruta rematou, por fin chegamos ao refuxio no cal distribuímos habitacións, duchas..., (Tania)*

*...E as 7 chegamos ao refuxio, onde nos duchamos nos vestimos fixemos as camas e fomos a cear, e ao acabar a cea fomos para o refuxio e estibemos a charlar cos profes e cos do ciclo. Despois sobre a 1:15 fomos durmir, levantámonos ás 8 da mañá para ir almorzar ás 9 e deixar todo listo e limpo no refuxio e poder coller o autobús ás 10. Estibemos case todo o día no autobús, faciamos algunha parada onde nos explicaban os do ciclo, o Monte furado, a ferrería, e máis cousas, tamén paramos para comer e despois fomos ás termas, e despois fomos directamente ao autobús para virse para Gondomar. Chegamos sobre as 7 e pico e despois xa nos diriximos para casa, mestres tanto Isaac e eu iamos falando dalgunhas das nosas experiencias vividas.*

*Gustoume muito O Courel, e a ruta foi unha experiencia inesquecible. A verdade estibo mui ben todo, con moita organizacion e mui ben coordinado. De feito todos mui pendentes dos demais e a verdade que foi todo xenial. (Miriam)*

Se queredes ler máis, visitade: <http://viaxeourel.blogspot.com/es/>




## 8 DE MARZO, DÍA DA MULLER

### IV CARREIRA A PROL DA CORRESPONSABILIDADE

O pasado 4 de marzo, o alumnado do noso centro participou na “IV Carreira a prol da corresponsabilidade home-muller” que, como ven sendo habitual nos últimos anos, organiza a concellería da muller do Concello de Gondomar en colaboración coa Deputación de Pontevedra.

Feron 123 mozas e mozos do IES Terra de Turonio xunto cos compañeiros do Auga da Laxe os que, nesta ocasión sen saír do pavillón municipal a causa da chuvia, realizaron unha carreira de obstáculos, pasaron unha proba de lóxica e amosaron as súas habilidades en tarefas de corresponsabilidade: atender a unha persoa dependente, montar unha lámpada ou reciclar. Iso si, houbo que facelo por parellas de moza e mozo, unidos literalmente por unha goma.

A carreira, que se enmarca dentro das actividades previstas con motivo do 8 de marzo, Día Internacional da Muller pretende sensibilizar e concienciar á mocidade sobre a necesidade de erradicar estereotipos sociais sobre a repartición de tarefas e a importancia dunha educación baseada na corresponsabilidade.



Mulleres e ciencia. Aquí tendes unha pequena mostra dos traballos realizados polo alumnado de Bioloxía e Xeoloxía de 4º. Motivados pola profe e pola celebración do 8 de marzo (día da muller), estes estudosos mergulláronse nas interseccións entre ciencia e muller, decatándose decontado que non eran poucas. Cadaquén fixo a biografía dalgunha delas, formando entre todas un mural para ser exposto no corredor. A continuación a profe suxire pórllle un *post-it* coa lenda “*sen fillos*” a tódalas mulleres científicas expostas que cumprían esa condición. A sorpresa foi que tiveron que utilizar un gran número de *post-its*.

As preguntas non se fixeron esperar: existe un conflito entre a maternidade e a investigación? Ou mesmo entre o traballo e a maternidade? Cal sería o gasto en *post-its* se o traballo fose sobre científicos homes?

## TEATRO CIENTÍFICO:

### "NON TOQUES OS MEUS CÍRCULOS"

Por Alex



Segundo a lenda, estas foron as derradeiras palabras de Arquímedes antes de que un soldado romano o asasinara. Así se titula a obra teatral que o pasado día 16 de marzo o alumnado de 3º e 4º fomos ver ao Auditorio "Lois Tobío". O espectáculo unipersoal, da man de Santiago Montenegro do grupo Artello Teatro, conta a historia dun físico actual que é despedido da universidade na que traballa e tenta abrirse camiño como divulgador científico da figura deste sabio grego. Deste xeito, introdúcense na obra coñecementos físicos coma a diferenza de densidade para poder distinguir unha coroa dourada doutra falsa, ou calcular a forza necesaria para levantar unha nave romana, experiencias desenvolvidas por Arquímedes. Tras un ameno coloquio final co actor, volvemos ás clases e decatámonos de que a física, Arquímedes, e todo canto aconteceu na obra, está vivo na nosa materia e na sociedade.

Na miña opinión, está ben saír da clase de cando en vez e así aprender de xeitos diferentes. Estivo ben mergullarnos nesta obra teatral con temas que aprendemos nas clases e no libro de Física e Química, e tamén saber que a Física se aplicou ao longo da Historia, e aínda na actualidade, para tantas cousas útiles.



## ONTARIO (CANADÁ) E GONDOMAR, ...

Están cada día máis cerca, da man de Marcelo e Anxo.

Tras o flamante precedente da nosa ex-alumna Susana González Pereira, que no ano 2013-2014 cursou 1º de Bacharelato en Santa Mónica, California, cunha beca da fundación Barrié de la Maza-Amancio Ortega, temos este ano dous alumnos de 4º de ESO que obtiveron a mesma beca para cursar 1º de Bacharelato en Canadá.

O programa de Becas da Fundación Amancio Ortega ten o obxectivo de facilitar a aprendizaxe da lingua inglesa e inmersión na cultura estranxeira a alumnos/as de institutos galegos durante un ano académico. Os nosos dous alumnos seleccionados convivirán cunha familia de acollida e cursarán Grado 11 (nivel equivalente a 1º de Bacharelato) o próximo curso escolar 2016-2017.



Acórdame que souben da beca cando cursaba 1º de ESO (durante ese ano Susana estaba cursando a Beca nos Estados Unidos), Anxo e eu prometemos que tentaríamos conseguila, e despois de catro anos soñando esperto aquí estou.

Tiven que pasar dúas probas, a primeira un exame de inglés, que pasamos 120 de 500. Despois, no mes de xaneiro tivemos unha proba oral en inglés por Skype, na que fomos seleccionados 40.

Na primeira fin de semana de abril fomos convocados tódolos seleccionados para estudar en Canadá e USA nun hotel para orientarnos e coñecernos persoalmente. Foi xenial.

O meu destino é Ontario, e aínda a día de hoxe sigo sen crer a oportunidade que me están a dar.

Se eu o conseguín TÍ tamén podes, así que inténtao.

Todo isto segue a ser coma un soño. Descubrín a existencia das becas en 1º da ESO, nestes momentos pódese dicir que aínda non creo que me vaia a Canadá. Ata fai uns meses víao case imposible, en parte por sorte e tamén polo traballo feito nos últimos anos conseguín esta meta.

Teño moitas ganas de ir, pero botarei isto moito de menos... paga a pena e o aproveitarei.



# COCIÑEMOS COMO GALEGOS.



**FILLOA RECHEA DE NATA E FROITA**



**TORTILLA THAIANDESA**



**TOMATES RECHEOS**



**GAZPACHO**



**ENSALADA DE RULO DE CABRA**



**POLO Á CANELA**



**HAMBURGUESA DE POLO**



**XOANIÑAS DE QUEIXO E PATACAS SORPRESA**



**LA CRÈME DE LA CRÈME**

